

## ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E EQUIPO DE REHABILITACIÓN AXÓN, SCP, PARA A PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE OURENSE DA REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE)

Santiago de Compostela, a data de sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e Presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), nomeado por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común das Administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Dunha parte, **D. M<sup>a</sup> del Pilar Rodríguez González**, con DNI n<sup>o</sup> 34995152P en nome e representación de Equipo de Rehabilitación Axón, SCP, con CIF n<sup>o</sup> J32485823, e sede en rúa Sainza, 8-32005 Ourense, actuando en calidade de representante con poderes que non lle foron derogados nin modificados, de conformidade e no exercicio das funcións que ten atribuídas en virtude da representación da empresa.

As partes recoñécense mutuamente plena capacidade legal para a sinatura da presente addenda e

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que con data 9 de novembro de 2021 todas as partes subscribiron un Convenio de colaboración (en adiante, o “Convenio”) para o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes en actividades de innovación aberta impulsadas polos usuarios a través do modelo Living Lab. Ditas actividades de I+D+i lévanse a cabo nas instalacións do Living Lab de Saúde de Ourense, situado no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

**Segundo.-** Que na cláusula decimo sexta do Convenio establécese que a súa vixencia poderá prorrogarse por mutuo acordo entre as partes con suxeición ao establecido no artigo 34.2. da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Á vista do anterior, as partes

## ACORDAN

**Primeiro.-** Prorrogar a duración do Convenio por un ano.

**Segundo.-** O resto das cláusulas contidas no Convenio permanecerán inalteradas.



E, en proba de conformidade e de aceptación, ambas as partes asinan a presente addenda no lugar e data indicados.

**Pola Consellería de Sanidade,  
Servizo Galego de Saúde  
e ACIS**

**Por EQUIPO DE REHABILITACIÓN AXÓN, SCP**

**Asdo. D. Julio García Comesaña  
Conseleiro de Sanidade**

**Asdo. Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Rodríguez González  
(representante legal de Axón Ourense  
S.C.P.)**

